



## Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº: 3520/2018

### PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

#### ASUNTO: APROBACION PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/18

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2018 o investimento para a "Reforma e acondicionamento do polideportivo municipal", que ten un orzamento de 314.398,78 €, como se detalla na memoria da alcaldía que figura no expediente.

Visto que na aplicación orzamentaria 342.63200 non existe crédito orzamentario para o custe de dito investimento.

Visto que é posible a financiación deste investimento co Remanente de tesourería para gastos xerais, aplicando parte do superavit orzamentario do exercicio 2017. Así, o Remanente de tesourería da liquidación do ano 2017 foi de 721.023,97 €, e o superavit orzamentario cos axustes SEC en termos de contabilidade nacional, foi de 1.132.587,23 €. A estes efectos, o investimento para cuxa realización se propón este crédito extraordinario, ten a consideración de investimento financeiramente sostible, tal e como está definido na Disposición Adicional 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

#### Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 01/18, por un importe total de 314.398,78 € coa finalidade seguinte:

- REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL. (APLICACIÓN PARCIAL DO SUPERAVIT ORZAMENTARIO DE 2017 A INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES).

#### APLICACIÓNS DE GASTOS:

PRO	ECO	DENOMINACION	IMPO
GRAMA	NOMICA		RTE

## Concello da Pobra do Caramiñal



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

342	6320	Instalacións deportivas. Investimentos de reposición en edificios e outras construcións	314.39 8,78 €
-----	------	---	------------------

### SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONC EPTO	DENOMINACION	IMPO RTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	314.39 8,78 €

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**